

Has de cantar, Rosalía de Castro

<p>I</p> <p>“Has de cantar meniña gaiteira, has de cantar, que me morro de pena.</p> <p>Canta, meniña, na beira da fonte; canta, dareiche, boliños do pote.</p> <p>Canta, meniña, con brando compás, dareiche unha proia da pedra do lar.</p> <p>Papiñas con leite tamén che darei; sopiñas con viño, torrexas con mel.</p> <p>Patacas asadas con sal e vinagre, que saben a nocas, que ricas que saben!</p> <p>Que feira, rapaza, si cantas faremos...! Festiña por fóra, festiña por dentro.</p> <p>Canta si queres, rapaza do demo; canta si queres, dareiche un mantelo.</p> <p>Canta si queres, na lingua que eu falo; dareiche un mantelo, dareiche un refaixo.</p> <p>Co son da gaitiña, co son da pandeira, che pido que cantes, rapaza morena.</p> <p>Co son da gaitiña, co son do tambor, che pido que cantes, meniña, por Dios”.</p>	<p>II</p> <p>Así mo pediron na beira do mar, ó pé das ondiñas que veñen e van.</p> <p>Así mo pediron na beira do río que corre entre as herbas do campo frorido.</p> <p>Cantaban os grilos, os galos cantaban, o vento entre as follas runxindo pasaba.</p> <p>Campaban os prados, manaban as fontes entre herbas e viñas, figueiras e robres.</p> <p>Tocaban as gaitas. Ó son das pandeiras, bailaban os mozos cas mozas modestas.</p> <p>Que cofias tan brancas! Que panos con freco! Que dengues de grana! Que sintas! ¡Que adresos!</p> <p>Que ricos mandiles! Que verdes refaixos! Que feitos xustillos de cor colorado!</p> <p>Tan vivos colores a vista trubaban; de velos tan váreos o sol se folgaba.</p> <p>De velos bulindo por montes e veigas, coidou que eran rosas garridas e frescas.</p> <p>Así mo pediron na beira do mar, ó pé das ondiñas que veñen e van.</p>	<p>Cantarte hei Galicia, teus dulces cantares, que así mo pediron na beira do mare.</p> <p>Cantarte hei Galicia na lingua gallega, consolo dos males, alivio das penas.</p> <p>[...]</p> <p><i>(Cantares gallegos)</i></p>
---	--	--